




O ESCOLANTE ANDALUZ: ¿Cuánto año tiene?
— Non temos año ningún; temos unha ovella.

ADEUS

Entre a calima
traspondo o meu ollar
esquivouse o velamio
Deixounos a badía
chega da súa ausencia
e a mañán sin perspectiva.

Agora en terra
arredado de min mesmo
por un oucéano de singraduras
o vento da Ría
vai virando a folla de cada emoción.
—O sol indiferente
Serea augardentosa dos vapores
un retraio de fume
no rompeolas da paisaxe
As engranaxes da grúa
esmoen a mañá morna—

Debaixo dos meus pasos
xorde o ronsel da Vila natal
Ela cos brazos cheos de sono
teima salvarme dun naufraxio antigo.
E os meus ouvidos incautos
queren dormir no colo
das antigas vellas.

Eu cacheaba tódolos segredos
das miñas mans baldeiras
por que algo foi qe se me perdeu no Mar.

... alguén que chora dentro de min
por aquel outro eu
que se vai no veleiro
pra sempre
coma un morto
co peso eterno de tódolos adeuses.

PAIO GÓMEZ CHARIÑO

As frores do meu amigo
briosas van no navio!
E vanse as frores
de aquí ben con meus amores!
Idas son as frores
de aquí ben con meus amores!
As frores do meu amado
briosas van eno barco!
E vanse as frores...

Briosas van no navio
para chegar ao ferido.
E vanse as frores...

Briosas van eno barco
para chegar ao fessado.
E vanse as frores...

Para chegar ao ferido
servirme, corpo velido.
E vanse as frores...

IDADE MEDIA

Dende o fin da civilización romana comenza a xestarse unha sociedade feudal caracterizada pola dependencia persoal dun Vasalo arrespecto dun Señor e a ruralización. Non se coñecen restos pertencentes ó Reino Suevo, pero si das consecuencias das invasións normandas, como son as **Torres do Oeste de Catoira**.

A xurisdicción de Rianxo foi adxudicada ó patrono Santiago (no 934, por privilexios do rei Ramiro n, sendo Bispo Hermenexildo. En 1057 é confirmada polo Papa Anastasio, Alfonso V e o Arcebispo Paio. Rianxo foi cabeza de xurisdicción eclesiástica con dominio de gran parte do territorio pola Mitra Compostelana, que exercía o cobro de rendas e diezmos da mar (impostos feudais).

Durante a chamada Era Compostelana (ss. XI-XIII), foi perceptible un crecemento demográfico propiciado pola expansión da agricultura. A consolidación do feudalismo singularizase en Rianxo na figura de Paio Gómez Chariño, que consta como primeiro señor de Rianxo, por mercede ou por herdanza. Foi V almirante de Castela e tomou parte na conquista de Sevilla, mandando as naves galegas. Estaba casado con Dona Mariana Nuñez Maldonado. As súas composicións poéticas están recolleitas nos vellos cancioneros. Morreu en 1295 a mans de Roi Pérez Tenorio nunha devesa de Ciudad Rodrigo. A división social da vila materialízase no casco histórico rianxeiro:

Zona pobre de mariñeiros-productores en torno á placiña, Zona noble-privilexiada-rica en torno á praza da Igrexa.

Na Baixa Idade Media o señorío de Rianxo estivo en poder dos Chariño ata despois das Guerras Irmandiñas, (servos contra señores feudais, que tivo como consecuencia o derrubamento da torre templaria), cando, tras longos pleitos, foi outorgado á Mitra Compostelana (1532).

HÓRREO DO ARAÑO

É o hórreo máis longo de toda Galicia (36'75 metros a cámara e 37'05 m o celeiro), e o de máis capacidade se sumamos as capacidades da cámara (109'31 m3) e o celeiro (59'09 m3). A base está conformada polo celeiro de cachotería con rachas, e leva apegadas as escaleiras de acceso. O tornarratos é corrido, prolongación do chan da cámara, de canteiría. A cámara péchase con perpiaños horizontais en ringleira e non se marcan as columnas. Leva sopena baixo o beiril, e as sobrepenas rematan en cruces flanqueadas por pináculos de bolas



INTERCAMBIO CULTURAL

CURSO 2008/09

BENVIDOS!

IES SANTIAGO BASANTA
VIALBA
RIANXO
IES FELIX MUREL

- 10:45 > **Recepción no IES**
- 11:45 > Saída a pé cara á vila polo **paseo marítimo**
- 12:00 > Visita guiada pola vila: **casas de Castelao, Dieste e monumentos de interese.**
- 13:00 > Visita á **Aula activa do mar** e ó **Museo do mar.**
- 13:30 > Saída a pé cara a **Tanxil** ou cara ó IES (depende do tempo) para xantar.
- 14:45 > Saída cara a Ribeira, pasando polas parroquias de **Asados (Praza de Manuel Antonio)** e do **Araño (hórreo).**
- 16:30 > Visita ó **parque dunar de Corrubedo.**
- 18:30 > Despedida



— O mestre berroume porque dixen “Ollomol”.
— Debeches dicir “Ojoblando”.

Benvidos á nosa vila!

Rianxo é unha vila do máis popular e representativa na provincia da Coruña. Xa sexa polas súas increíbles praias ou os seus destacados escritores, Rianxo ten unha cultura que perdura no tempo.

Este concello fórmalo as parroquias de Rianxo, Asados, Leiro, Isorna, Araño e Taragoña. Sen dúbida o máis vistoso desta vila é a súa costa na Ría da Arousa acompañada do clima suave e húmido. Pero tamén conta con dous sistemas montañosos, entre os que discorre o amplo val do Tê e onde se observa toda unha paisaxe moi peculiar. Ó leste atópase o monte da Pena; ó norte, os montes do Treito, cunha altura de 678m. e logo o Pico Muralla, no estreito máis setentrional é o máis alto e ten unha vista impresionante sobre a ría. A principal actividade económica é a pesca e o marisqueo.

PEITO DE LOBO

Nun serán morno, escoitando as rans e os grilos, naceu no meu miolo vagariñante a idea de facer un cabezudo para as festas da vila, e como naquel tempo da miña mocidade artística aínda íña nos palotes de caricatura, busquei o tipo máis feo do pobo para facer escachar coa risa a tódolos veciños.

E atopeino; era un home con nariz cheo de espullas.

Aquelo non era nariz; aquilo era unha pataca con fillos.

Traballei con tódolos meus folgos pra remata-la obra, que xa era sonada e que o meu creto de mañoso fixéraa anunciar con letras grandes no programa de festas, debaixo do “repique de campanas” e da “ducía de bombas de palenque”.

E chegou o día. Na praza non collía unha agulla. No adro da irexa un rapaz toco tiña un feixe de bombas debaixo do brazo namentras o fogueteiro soplaba na mecha agardando a primeira badalada das doce.


De súpeto tanxeu a campana, estouparon as bombas e unha “ben afinada banda” rompeu a tocar. A cousa xa non tiña remedio. Saíu o meu cabezudo e no mesmo intre a xente escachou a rir, como facía nas comedias dos titiriteiro.

¡É Peito de Lobo! ¡É Peito de Lobo!...

(...)

Pasaron os meses e un bo día atopeime con Peito de Lobo no peirán da ribeira. En canto puxo ollos en min virouse de costas e chantou a mirada no mar. E xulgando que xa non quería comerme os angumiños, arrisqueime a falarlle. E dispois dunha lería raposeira quedamos amigos...

Castelao: *Retrincos*



- ¿Por que non lle das de comer ao can?
- Para o que traballa...
- Pois entón, ¿por que non o matas?
- Para o que come...

Todos cantos sabían algo da historia da vila en que eu nacín, xa repousan debaixo dos terróns. A siña Sinforosa era unha velliña que todos os días pasaba o mar, porque era mandadeira de oficio, como xa fora súa nai e súa avoa e quizais todas as súas devanceiras, dende que os da banda de acá tiveron comercio cos da banda de alá. Era honrada ou parecía selo, pois vivía do seu creto de muller de ben. Engaioleira e faladora con todos, tiña sempre, para a xente fidalga, un carabel na súa boca chuchada. A siña Sinforosa sabía todas as traxedias do mar naquela travesía.

Nos días de tempo ruín, cando funga o vento nas cordas e os salseiros barren a cuberta do barco, a siña Sinforosa metíase en sí e rezaba pola súa alma.

Nos días mainos a siña Sinforosa rezaba polos afogados. O barco ía andando cara a banda de alá e a mandadeira ía rezando sempre.

—Un padrenuestriño polo Xan de Codeso que morreu afogado un día da Candelaria.

— Unha salve por doña Rosa Faxardo que se botou a afogar na punta da Falcoeira.

— Un padrenuestriño, unha salve e unha avemaría polas catro fillas do Belurico que morreron de volta do mercado.

— Unha salve por Ramón Collazo que o levóu un cóngaro e nunca máis apareceu.

Así seguía rezando, rezando sempre, por todos cantos morreron naquel camiño do mar. A vella mandadeira gardaba na memoria os nomes dos afogados e as datas das traxedias.

Un día reparei que a siña Sinforosa rezou por un rapaciño que morreu en Tronco, e pregunteille:

— ¿Quen foi o rapaciño que morreu en Tronco, siña Sinforosa—

E ela respondéume:

— Non o sei, meu amantiño, ese afogado non é do meu tempo, pois xa rezaba por el a defunta de miña avoa, que no Ceo estea.

A siña Sinforosa morreu xa, e de tantas traxedias non quedan máis que tres ou catro cruces de madeira chantadas nas pedras de veirmar. A vella mandadeira levóu ao Alén a historia de todos os afogados da vila en que eu nacín.

Unha vez que atravesei o mar sentín dentro do meu peito o baleiro de tanto esquecemento e en nome de todos os afogados preguei:

Un padrenuestriño pola siña Sinforosa.

RAFAEL DIESTE:

Cando eu era rapazote (non quero bota-la conta dos anos que van alá) chegou un día a Rianxo, paréceme que as dez e media da mañá, unha balea. Algúns, para lle restar mérito á nosa vila, din que era unha balea moi pequena, unha criaturiña de balea. Faladurías, envexa, non saben o que din. Eu non digo que fose coma un consistorio a aboiar pola ría, non son tan argalleiro; pero a eslora dun patache poida que a tivese ben, e aquí entre vós hai outros que a viron e poden dar razón. E os que non a viron que pechen a boca.

Non sería doado saber quen foi o primeiro en avistala. Véxome correndo en grea con outros rapaces, todos a berrar, camiño dos altos de Tanxil, e alí na mesma crista do barranco velaí que estaban xa os carabineiros a dispara-la súas escopetas.

...

(Para seguir a historia lede “DE COMO VEU A RIANXO UNHA BALEA”do libro Dos arquivos do trasno (1926)

Rafael Dieste (Rianxo, 1899- Santiago de Compostela, 1981) pertence á denominada Xeración das Vangardas, da que tamén formou parte o seu amigo e coterráneo Manuel Antonio. Dieste foi un home de insaciable curiosidade intelectual e afiada sensibilidade. Músico, editor, xornalista e escritor comprometido coa causa republicana, fixo literatura en galego e castelán. Antes da Guerra Civil publicou Dos arquivos do trasno (1926) e A fiesta valdeira (1927).

O pseudónimo que el empregou, Félix Muriel, para publicar algúns textos que escribiu en castelán é o que lle dá nome ó noso centro.

MANOEL ANTONIO

BALADA DO PAILEBOTE BRANCO

Escoitábamos o vento
ríndose malévolo
debaixo do seu disfraz

E tamén contou o barco
a hestoria do piloto
a do gaviro e a do rapaz

Vós xa sabedes todo
Eso que din as estampas
do libro de Simbad

Pero el contounos o resto
“Estreaba o horizonte
unha largacía audaz”...

O barco foi percorrendo
as cicatrices sentimentaes
que lle deixaron vellos navegantes

E os adeuses que leva na vela
grabados por miradas
tristes definitivas e distantes

Un día fíxose ao mar
ca parola ceifada nos beizos

E xa nunca volveu
Agora eu busco un vello mariñeiro
ou unha hestoria do pelebote branco
ou calquer cousa...

¿que sei eu!

Escoitábamos o vento
ríndose malévolo
debaixo do seu disfraz
Pero a hestoria do pailebote branco
nona sabía o piloto
nin o gaviro
nin o rapaz.



- ¿Por que non queres ir á escola, rapaz?
- Porque... porque sempre me preguntan o que non sei.